



**Federación  
Galega de  
Atletismo**



## **CIRCULAR**

Praza Agustín Díaz, s/n - 15008 - A Coruña.  
T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal  
atletismo.gal - carreirasgalegas.com

C.I.F. G15103500



**DEPORTE  
GALEGO**

### **CIRCULAR 32-2024.** **CONTROL FGA PC – 04/02/2024**

- *A todas as Delegacións da FGA*
- *A todos/as os/as asembleístas*
- *A todos os clubs galegos con licenza vixente*
- *A todos/as os/as adestradores/as con licenza vixente*
- *A todos/as os/as xuíces/zas galegos/as con licenza vixente*

**Art.1).**- A Federación Galega de Atletismo organiza este control o día 4 de febreiro de 2024 en Expourense (Ourense).

**Art.2).**- Poderán participar atletas con licenza en vigor pola Federación Galega de Atletismo.

- Reservarase un 50% das prazas para atletas que non teñan marca, en pista curta, dende o 1 de novembro de 2023, sendo as prazas restantes para as mellores marcas de dito período.

**Art.3).**- As inscricións realizaranse a través do sistema en liña da RFEA na páxina <https://sdp.rfea.es/> ata as 20:00 horas do luns 29 de xaneiro.

- Establécese unha cota de inscrición de 4 euros por atleta.
- Serán válidas, na inscrición, as marcas realizadas en pista curta dende o 1 de novembro de 2023.

**Art.4).**- Prazo de comunicación de baixas.

- Rematará ás 12:00 horas do mércores 31 de xaneiro e serán remitidas a [control@atletismo.gal](mailto:control@atletismo.gal)

**Art.5).**- Os/as atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización, de forma visible en toda a súa superficie.

- Será responsabilidade dos/as atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a súa colocación.

**Art.6).**- Nos saltos horizontais os/as atletas disporán de 4 intentos, sen cambio de orde.



**Art.7).- Cámara de chamadas**

Os/as participantes deberán acceder á Cámara de chamadas provistos dun documento de identificación oficial ou licenza federada en formato dixital con foto.

Peche da cámara de chamadas → 5' antes da saída a pista.

<b>SAÍDA A PISTA</b>	
<b>Minutos antes da hora oficial da proba</b>	
Carreiras	5'
Concursos	20'

Os atletas deberán saír á pista coa camiseta e o dorsal posto.

**Art.8).- Horario Provisional**

<b>CONTROL FGA - 04/02/2024</b>				
<b>HORA</b>	<b>CARREIRAS</b>	<b>CAT/MODALIDADE</b>	<b>TRIPLO</b>	<b>ALTURA</b>
10:22	60 valos	Abs Homes	Homes B	Homes
10:55	60 valos	Sub 16 Homes		
11:08	60 valos	Abs Mulleres	Mulleres B	
11:18	60 valos	Sub 16-18 Mulleres		
12:10	60	Sub 14 Homes	Homes A	
12:25	60	Sub 14 Mulleres		Mulleres
12:45	60	Sub 12 Homes		
13:05	60	Sub 12 Mulleres	Mulleres A	
13:20	50	Sub 10 Homes		
13:30	50	Sub 10 Mulleres		
13:40	3000	Abs Homes		

**Art.9).-** A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións:

- As solicitudes de inscrición fora de prazo deberán ser enviadas a [control@atletismo.gal](mailto:control@atletismo.gal) para a súa valoración. No caso de ser admitidas, levarán asociadas unha recarga de 6€ por atleta.
- Calquera baixa nas 48 horas previas ao inicio da competición ou a non participación final, levará asociada unha sanción de 5€ por atleta, salvo causa xustificada e comunicada por escrito antes do inicio da competición á FGA a través do correo [control@atletismo.gal](mailto:control@atletismo.gal)
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA: 6 € por atleta con datos falsos.

**Art.10).-** Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e World Athletics.

A Coruña, a 24 de xaneiro de 2024